

SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DO DÍA 29 DE AGOSTO DE 2019

(supletoria da correspondente ao día 22 de agosto de 2019)

COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ, EDUCACIÓN, MOBILIDADE, MEDIO AMBIENTE E SANIDADE

Preguntas do PP

Don Juan González Leirós, de UxC, solicita das concelleiras do PP que, se non teñen obxección e dado que se trata do mesmo asunto, dean lectura ás tres preguntas presentadas.

As concelleiras do PP amosan a súa conformidade. Lee as preguntas dona María Jesús González Roel.

1ª Nos últimos meses varios veciños da localidade advertíronnos sobre a presenza dun vao sito na rúa Samosteiro 3-B, na parroquia de Cambre, terreo cualificado como solo non urbanizable interior a núcleo rural nas Normas subsidiarias de planeamento do Concello de Cambre, polo que se pregunta a este grupo de goberno respecto da adecuación do dito vao á normativa urbanística aplicable.

2ª Seguindo o enunciado do requirimento número 1 da presente comisión informativa, pregúntase ao concelleiro competente a que terreo en concreto pertence o dito vao, dado que, como se amosa nas fotografías adxuntas, este está pintando entre dous terreos lindeiros, xerando dúbidas sobre a súa titularidade, sen que pareza, a día de hoxe, que o departamento de Urbanismo teña procedido a clarificar a situación.

3ª Seguindo o argumental da pregunta número 2, pregúntase ao concelleiro competente respecto da constancia do dito vao permanente nos arquivos municipais correspondentes.

Don Juan González Leirós, concelleiro de Urbanismo e Obras, explica que, segundo consta nos arquivos municipais, con data 16 de xaneiro de 2013, a concelleira delegada da Área de Urbanismo e Medio Ambiente, dona Rocío Vila Díaz, outorgou a J.M.R.P. unha licenza de vao permanente para o acceso pola rúa Samosteiro dunha vivenda unifamiliar. Di que ese vao non tivo alegacións, nin recursos, nin cuestións xudiciais, polo que entende que se axusta á legalidade urbanística.

Dona María Jesús González Roel, do PP, indica que, como fan constar na segunda pregunta, o que se pretende é clarificar a situación, xa que tal e como está sinalado ese vao dá lugar a confusión, non se sabe a que entrada afecta.

Don Juan González Leirós informa de que, con data 17 de xullo de 2019, acordouse a apertura do procedemento sancionador núm. 2019/I001/000038, a J.A.S.V. como consecuencia da utilización dun vao sen contar coa licenza correspondente. Trala apertura do citado expediente, o interesado solicitou o outorgamento da licenza de vao para a súa entrada. Estes expedientes están a ser tramitados polos técnicos municipais.

Dona María Jesús González Roel conclúe dicindo que a súa intención ao presentar esta pregunta era a de aclarar cal era exactamente a zona do vao, xa que tal e como está agora mesmo pintado leva a confusión, e ao final a xente non se atreve nin a aparcar nun lado nin no outro, porque non saben cal é o correcto.